



## **Proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 228/2008, do 2 de outubro, sobre a prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia**

Por Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia, esta conta coa competencia exclusiva sobre o transporte marítimo, sempre que se leve a cabo exclusivamente entre portos ou puntos da Comunidade Autónoma, sen conexión con outros portos ou puntos doutros ámbitos territoriais.

En exercicio desa atribución de competencia exclusiva, e logo da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, do 9 de marzo de 2006, que declarou a incompatibilidade da anterior Lei 4/1999, do 9 de abril, de declaración de servizo público de titularidade da Xunta de Galicia do transporte público marítimo de viaxeiros na ría de Vigo, co Regulamento (CEE) 3577/92, do 7 de decembro, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 2/2008, do 6 de maio, pola que se desenvolve a libre prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia.

Esta lei creou o Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo, orientado a garantir os dereitos das persoas consumidoras e usuarias a través da inscrición e publicidade dos servizos de transporte público marítimo que se presten nas augas interiores da comunidade. Os requisitos e o procedemento para acceder ao dito rexistro reguláronse a través do Decreto 228/2008, do 2 de outubro, sobre a prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia, norma que desde entón vén disciplinando o funcionamento do rexistro, encadrado baixo a responsabilidade da consellería competente en materia de transporte marítimo.

Os servizos que a el acceden gozan dunha grande adaptabilidade ás flutuacións da demanda, debido ás propias características desta e tamén a factores externos que inflúen na súa prestación, como os climáticos ou estacionais. A experiencia acumulada desde a posta en marcha do rexistro revela que, nalgúns casos, a axilidade na tramitación non é a desexable para atender a esas esixencias cambiantes, o que aconsella unha revisión das propias esixencias dos servizos inscritos e do procedemento en xeral.

A chamada directiva de servizos (Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior) e a súas normas de transposición ao dereito español (Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio), ben que deixan fóra dos seus ámbitos de aplicación os servizos de transporte en xeral e os de transporte marítimo en particular, si incorporan unha serie de principios reitores enfocados a mudar o concepto de habilitación administrativa que tan consolidado estaba no noso ordenamento. Esta nova concepción resulta especialmente interesante falando dun sector como o do transporte marítimo, que está liberalizado en Galicia desde a entrada en vigor da mencionada Lei 2/2008. Deste





xeito, o deseño dun procedemento de inscrición que reduza as cargas administrativas para as entidades interesadas resulta especialmente aconsellable, e permitirá cumprir con maior eficacia co obxectivo de protexer os dereitos das persoas consumidoras e usuarias que establece a dita lei.

Tamén a Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, aplicable a sectores expresamente excluídos da Directiva de servizos como é o transporte, aproveita para seguir impulsando un marco de regulación eficiente para as actividades económicas que simplifique a lexislación existente, elimine regulacións innecesarias, estableza procedementos máis áxiles e minimize as cargas administrativas.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, prevé a tramitación electrónica como a forma habitual das administracións públicas e recolle novidades no procedemento administrativo coma o dereito e a obriga de relacionarse electronicamente coas administracións públicas ou o dereito das persoas interesadas a non achegar os documentos que fosen elaborados por calquera Administración, con independencia de que a presentación dos citados documentos teña carácter preceptivo ou facultativo no procedemento de que se trate, sempre que a persoa interesada expresase o seu consentimento para que sexan consultados ou obtidos eses documentos. Nesta liña, esta modificación responde aos principios de boa regulación que recolle o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Co obxectivo de adaptar a regulación ás normas anteriormente citadas, este decreto substitúe completamente o capítulo II do Decreto 228/2008, do 2 de outubro, sobre a prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia, por un novo, no que se reducen os requisitos e mais a carga burocrática en prol dunha tramitación máis áxil e se prevé a tramitación exclusivamente electrónica do procedemento, en atención ás especiais características de capacidade técnica e profesional das entidades ás que aquel se dirixe.

En virtude do exposto, por proposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo co/ oído o Consello Consultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día ,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Decreto 228/2008, do 2 de outubro, sobre a prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia*

O Decreto 228/2008, do 2 de outubro, sobre a prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia, queda modificado como segue:





Un. O Capítulo II queda redactado da seguinte maneira:

## “CAPÍTULO II

### **Inscrición no Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo**

#### *Artigo 2. Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo*

1. O Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo, creado pola Lei 2/2008, do 6 de maio, pola que se desenvolve a libre prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia, constitúese baixo a dependencia da consellería competente en materia de transporte marítimo, sendo responsable da súa levanza, organización, mantemento e custodia, a unidade administrativa que conforme a súa estrutura orgánica lle correspondan as funcións en materia de transporte marítimo.

2. Serán obxecto de inscrición as empresas operadoras e as condicións de prestación dos servizos de transporte marítimo que presenten as seguintes características:

- a) Se presten con reiteración de percorrido, calendario e horarios, cando menos durante un determinado período ou época do ano. Este deberá constar, de maneira inequívoca, con indicación das datas concretas de inicio e fin, ou con criterios obxectivos que permitan concretalas, tales como as mareas ou festividades
- b) Teñan por obxecto transportar persoas entre dous ou máis portos.
- c) Teñan como potenciais persoas usuarias a unha pluralidade indeterminada de persoas.
- d) Se presten contra a venda dun billete ou título de transporte, sen estar condicionada a que se acade un nivel mínimo de demanda previa.

3. A inscrición no Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo entenderase sen prexuízo da obriga das empresas operadoras de contar coa preceptiva habilitación para usar as instalacións portuarias, consonte co que estableza a administración portuaria competente de acordo coa súa propia normativa reguladora. Así mesmo, durante a prestación do servizo deberase observar o establecido na normativa sectorial sobre navegación e seguridade marítima, e calquera outra que resulte de aplicación.

#### *Artigo 3. Inscrición de empresas operadoras e servizos*

1. Antes de iniciar a prestación dun servizo que reúna as características previstas no artigo 2.2, a empresa operadora deberá inscribirse no rexistro como empresa operadora de transporte





marítimo, remitíndolle á unidade administrativa competente do rexistro unha declaración responsable, a través da aplicación tecnolóxica habilitada para tal fin, na que manifesta baixo a súa responsabilidade que cumpre todos os requisitos esixidos na normativa vixente para o exercicio da actividade, que dispón da documentación que así o acredita, que a porá a disposición da Administración cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao exercicio da actividade.

En concreto, declarará de xeito expreso, claro e preciso o seguinte:

- a) Que está inscrita no Rexistro de Buques e Empresas Navieras para compañías españolas, ou o necesario para acreditar a súa personalidade xurídica como naviera, para as do Espazo Económico Europeo, non españolas.
- b) Que dispón de embarcacións que reúnen as condicións requiridas pola lexislación vixente para o transporte de pasaxeiros/as, así como que os buques cumpren os requisitos que, no seu caso, esixe o Real decreto 1544/2007, do 23 de novembro, que regula as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade, indicándose os medios de acceso para persoas de mobilidade limitada dos que dispoñan.
- c) Que o buque ten todos os seus certificados en vigor e está clasificado para a zona de navegación correspondente.
- d) Que ten autorización de atracada da administración ou administracións portuarias competentes que o habilita para a prestación dos servizos obxecto de inscrición.
- e) Que cumpre calquera outro requisito que, de conformidade coa normativa vixente, resulte necesario para a prestación dos servizos aos que se refire o presente decreto.

En todo caso, serán obxecto de inscrición os datos da empresa operadora de transporte marítimo (denominación empresa, NIF, enderezo, teléfono e correo electrónico) así como os datos da persoa que ostente a representación (nome e apelidos, DNI, teléfono e correo electrónico).

2. En todo caso, para que proceda a inscrición inicial da empresa será preciso que esta inscriba cando menos un servizo. Respecto de cada servizo ou servizos que a dita empresa pretenda inscribir, deberá presentar unha declaración responsable a través da aplicación tecnolóxica habilitada para tal fin na que deberán constar os seguintes datos descritivos dos servizos a inscribir:

- a) O porto de saída e o de chegada, así como, de ser o caso, os destinos intermedios.





b) As horas concretas de saída e as de chegada. No caso de transporte a espazos naturais protexidos, a empresa operadora deberá levar a cabo, cando menos, unha viaxe diaria dentro do período de prestación e, ademais, cada expedición de ida deberá contar necesariamente con outra de volta.

c) Período de prestación do servizo, onde se sinalarán os días concretos de prestación, con indicación, de ser o caso, do seu carácter laborable ou festivo. Para estes efectos, poderanse prever diversos períodos de prestación segundo a época do ano, para os cales se poderán fixar horarios distintos.

d) Condicións económicas, onde se detallarán as tarifas que serán cobradas ás persoas viaxeiras, con indicación, de ser o caso, dos diferentes importes segundo se viaxe en días laborables ou festivos. Faranse constar, así mesmo, a existencia de bonos que inclúan varias viaxes, así como os casos en que se aplicarán descontos na tarifa, de estar estes previstos.

#### Artigo 4. *Efectividade da inscrición*

1. Unha vez realizada a declaración responsable á que se refire o artigo anterior, a empresa e/ou o servizo será inscrito no Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo.

2. Sen prexuízo das facultades de inspección, verificación e control que lle corresponden á administración, a declaración previa dun servizo realizada cumprindo o conxunto dos requisitos establecidos neste decreto habilita para a súa prestación dende o día da súa presentación.

As empresas titulares dos servizos son as responsables de manter actualizados os datos inscritos no rexistro, polo que en caso de modificación dos datos da empresa ou dos servizos, con anterioridade a que os ditos cambios se produzan deberán presentar unha nova declaración responsable a través da aplicación tecnolóxica habilitada para tal fin.

3. Se a declaración responsable non reúne un ou varios dos elementos previstos nos artigos anteriores, a unidade responsable do rexistro requiriralle á persoa ou entidade solicitante para que emende a eiva no prazo de dez días hábiles, de conformidade co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Emendadas as eivas que se detectasen na declaración previa, realizarase a inscrición e poderase comezar a prestar o servizo nos termos e cos requisitos indicados neste artigo.

4. No caso de que a declaración responsable, unha vez atendido o requirimento ou transcorrido o prazo outorgado para tal fin sen que se realizase debidamente, seguise sen reunir os





requisitos necesarios para a inscrición, o responsable do rexistro ditará resolución declarando a improcedencia da inscrición.

#### *Artigo 5. Modificacións e supresión da inscrición*

1. Calquera servizo inscrito poderá modificarse ou suprimirse presentando unha nova declaración responsable cunha antelación mínima de dez días hábiles, para os efectos de publicitar os cambios; na dita declaración farase constar aqueles aspectos que varíen, se é o caso, nos mesmos termos que os previstos para a súa inscrición inicial. As empresas deberán anunciar as modificacións e/ou supresións dos servizos ás persoas usuarias cunha antelación mínima de dez días hábiles á data prevista para a súa aplicación efectiva.

Para declarar as modificacións ou supresión dos servizos inscritos deberá utilizarse a aplicación tecnolóxica habilitada para tal fin.

2. A empresa operadora tamén poderá corrixir ou modificar os seus propios datos identificativos e de notificación, presentando así mesmo a oportuna declaración responsable.

#### *Artigo 6. Suspensión da inscrición*

1. A empresa operadora, mediante unha declaración responsable formulada a través da aplicación tecnolóxica habilitada para tal fin, poderá poñer en coñecemento da Administración competente a suspensión total ou parcial da inscrición dun servizo por un prazo non superior a seis meses.

A empresa operadora deberá presentar a dita declaración responsable e anunciar ás persoas usuarias a correspondente suspensión, cunha antelación mínima de dez días hábiles á data prevista para a súa aplicación efectiva.

Transcorrido o prazo de suspensión sen que a empresa presente unha nova declaración responsable para o seu levantamento, consonte co indicado no número seguinte, a inscrición quedará definitivamente cancelada.

2. Para o levantamento da suspensión a empresa operadora deberá presentar unha nova declaración responsable cunha antelación mínima de dez días hábiles antes de que finalice o prazo da suspensión, para os efectos de darlle publicidade aos cambios, comunicando o levantamento da suspensión, na que confirmará os servizos tal e como estaban inscritos con anterioridade ou, en caso de existir cambios, fará constar as correspondentes modificacións.



#### Artigo 7. *Cancelación da inscrición*

1. De conformidade co artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable, ou a non presentación ante a Administración competente da documentación que, segundo o caso, lle sexa requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinará a cancelación de oficio da inscrición e a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.

2. A cancelación da inscrición da empresa operadora de transporte marítimo dará lugar á cancelación automática dos servizos inscritos a ela asociados.

#### Artigo 8. *Carácter da inscrición*

1. A inscrición no rexistro terá carácter indefinido. Non obstante, para a renovación da inscrición a empresa operadora deberá presentar no último mes de cada ano, unha declaración responsable de que segue a cumprir todos os requisitos esixidos para o exercicio da actividade e que se manteñen os datos de empresa e, no caso de non variar, os servizos que constan no rexistro. De non procederse á presentación da declaración responsable no último mes do ano, procederase de oficio á suspensión da inscrición da empresa e dos servizos por un prazo máximo de seis meses, transcorrido o cal, de non presentarse ningunha declaración responsable dirixida ao levantamento da suspensión, procederase á cancelación definitiva da inscrición. Para o levantamento da suspensión estarase ao establecido no artigo 6 deste decreto.

2. As empresas que presten servizos de transporte inscritos no rexistro estarán obrigadas a achegar ao Rexistro cantos datos estatísticos e de xestión de reclamacións de persoas viaxeiras que resulten precisos para o seguimento das inscricións e das reclamacións formuladas ante o Rexistro.

3. As comunicacións ao Rexistro relativas a modificacións, supresións ou suspensións de servizos inscritos, ou os actos de cancelación destes, non prexulgarán a responsabilidade da empresa ante as persoas usuarias ou terceiros/as interesados/as derivada das ditas modificacións, supresións, suspensións ou cancelacións.

#### Artigo 9. *Carácter público do rexistro*







1. O acceso aos datos inscritos no rexistro será público, e farase nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. O rexistro levarase por medios telemáticos e electrónicos e permitirá o acceso ao seu contido por tales medios.”

Dous. Derrógase a disposición transitoria única do Decreto 228/2008, do 2 de outubro.

Tres. Introdúcense dúas novas disposicións transitorias do Decreto 228/2008, do 2 de outubro co seguinte teor:

“Disposición transitoria primeira. *Tramitación electrónica obrigatoria*

A inscrición das empresas e servizos obxecto do Rexistro, así como as posteriores modificacións, supresións, suspensións ou cancelacións, tramitaranse a través da aplicación tecnolóxica que establecerá a dirección xeral con competencias en materia de transporte marítimo. En tanto non se dispoña da dita ferramenta tecnolóxica e se lle dea publicidade a súa dispoñibilidade, as actuacións anteriormente sinaladas efectuaranse a través dos formularios normalizados aprobados para o efecto, pola Orde do 7 de abril de 2016, da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza, pola que se adaptan e se habilitan por medios electrónicos os procedementos administrativos de prazo aberto dentro da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, e que figuran na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>.

Disposición transitoria segunda. *Empresas e servizos que xa figuren inscritos no Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo*

1. As empresas inscritas e as que teñan solicitudes pendentes de inscrición no Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo deberán presentar unha declaración responsable para a súa renovación, recollendo a totalidade de información a manter ou inscribir no dito rexistro. A dita declaración responsable deberá remitirse no prazo dun mes desde a entrada en vigor do presente decreto utilizando o modelo previsto para a inscrición. Pasado este prazo, procederase á cancelación da empresa e dos servizos asociados a esta, manténdose vixentes ata o momento da notificación da cancelación por parte da Administración.





2. As empresas e servizos inscritos no Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo que non reúnan as características esixidas no artigo 2.2 deste decreto, cancelaranse de oficio, previa resolución expresa e notificada á empresa interesada.”

**Disposición derradeira única. *Entrada en vigor***

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa completa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

Ethel María Vázquez Mourelle  
Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

